



Foto: Paola Bacigalupo-Sanguesa



Muxidor novo en formación observa a outro con experiencia que lle mostra a forma en que se conectan as unidades de ordeño

A importancia da formación da man de obra nas granxas leiteiras

Unha granxa pode ter a mellor xenética animal, unha excelente nutrición e instalacións modernas e eficientes, pero estas non terán o impacto esperado se non se complementan cunha man de obra competente e formada para as súas funcións. Analizámolo nas seguintes liñas.

Paola Bacigalupo Sanguesa
Universidade Estatal de Michigan

Na actualidade, a gran maioría das granxas leiteiras ten, polo menos, un traballador externo á familia. Os empregados levan a cabo tarefas de suma importancia, tales como muxir as vacas, axudar nos partos e coidar as vacas e xatas, o que ten un impacto directo na saúde dos animais, o benestar e a pro-

ductividade e indirecto nas ganancias da granxa. A pesar de asumir traballos de gran responsabilidade e impacto, moitas veces estes traballadores non teñen experiencia en tarefas agrícolas ou con animais, ou algúns nunca recibiron formación práctica adecuada para empezar o seu traballo nunha granxa.

Nos Estados Unidos, a formación e o adestramento dos operarios das granxas adquiriron maior importancia nos últimos anos. Gandeiros, consultores e investigadores estannles a prestar

atención a este tema, investindo en implementación de programas de adestramento, desenvolvemento de recursos e investigación. Conferencias científicas, tales como a reunión anual da American Dairy Science Association e da reunión rexional do National Mastitis Council, dedicaron unha ou máis sesións a temáticas relacionadas coa man de obra.

Normalmente, o persoal dos servizos de extensión dalgúñas universidades estatais e os médicos veterinarios cumpren o rol de ser os “profesores de ciencia” e formadores nas granxas. Adicionalmente, múltiples compañías farmacéuticas e de nutrición sumáronse ás iniciativas que se centran no desenvolvemento e na formación de empregados, dándolles un valor engadido aos seus servizos. Tamén é común, sobre todo en granxas grandes ou con múltiples instalacións, que as ganderías teñan o seu propio persoal dedicado a ofrecer formación e prácticas ao resto dos traballadores.

Os beneficios de proporcionar formación e adestramento nunha granxa leiteira poden ser variados. Algúns datos anecdóticos mostraron que brindar prácticas pode levar a unha maior satisfacción laboral que, á súa vez, pode xerar unha menor substitución de traballadores. Por outra parte, algunhas explotacións lograron reducir os seus recostos de células somáticas do tanque despois de ofrecer unha formación práctica ao equipo de muxidores, onde se identificou previamente que se ne-



► NON CABE DÚBIDA DE QUE FORMAR E OFRECERLLAS PRÁCTICAS AOS TRABALLADORES RESPECTO DAS SÚAS TAREFAS ESPECÍFICAS, COMO MÍNIMO TRAERALLE BENEFICIOS Á GRANXA

cesitaba unha mellora na execución da rutina de muxido. Aínda que é preciso máis investigación no tema, non cabe dúbida de que formar e ofrecer prácticas das tarefas específicas, como mínimo só lle traerá beneficios á granxa.

RECOMENDACIÓNS PARA UNHA FORMACIÓN ADECUADA

A continuación, descríbense algunhas recomendacións para o momento de considerar oportunidades de formación e prácticas para os traballadores de granxas leiteiras.

Como e por que?

Un programa básico de adestramento para traballadores debe ter en conta, como mínimo, como facer ou como executar cada tarefa da que o traballador é responsable e, ademais, debe incluír o porqué se realiza así esa tarefa. A aprendizaxe dun adulto é diferente ao de idades máis temperás; os adultos deben entender a razón pola cal unha tarefa se realiza de certa forma e o seu impacto, e non só memorizar como facela. Entender o porqué se leva a cabo

dun modo ou outro dálle un valor á acción e os empregados entenden a importancia de desenvolve-la dun modo correcto.

Por exemplo: durante unas prácticas para muxidores, no momento de explicar a rutina de preparación do ubre débese expoñer a correcta execución de cada paso da rutina e o porqué: na desinfección dos tetos débese explicar como aplicar a solución desinfectante, cal é a meta de cobertura e a razón pola que se debe facer este paso: diminuír a carga bacteriana da pel do teto para baixar o risco de infeccións ambientais e recoller o leite no ambiente máis inocuo posible. Logo débese definir como facer o despunte ou a extracción dos primeiros chorros de leite, complementado co porqué. Tamén se debe comentar que esta tarefa non só serve para identificar vacas con mastites clínicas mediante a presenza de cambios visibles no leite, senón que este paso é crítico para que se produza a liberación de oxitocina que levará á baixada do leite, contribuíndo a un muxido eficiente e cómodo para a vaca, o que asegurará unha máxima produción. ►►

RAIADO OU SALPICADO

en Galicia

DE SUPERFICIES DE FORMIGÓN



981 88 05 50
643 05 67 23



Remedio a pisos escorregadizos

- ✓ Reduce gastos veterinarios
- ✓ Aumenta a seguridade
- ✓ Aumento de celos

...

E
Santa Comba

Foto: Paola Bacigalupo-Sanguesa



Clase para muxidores de manexo sen estrés en gando

O obxectivo dunha sesión de formación e de adestramento é que todos os participantes absorban, entendan e reteñan a información presentada. Normalmente non basta con explicar verbalmente como e por que pór en práctica unha tarefa de certa forma. As persoas poden ter distintos estilos de aprendizaxe que inclúen o visual, o auditivo e o cinestésico (os que aprenden facendo), polo que un adestramento efectivo debe entregar información nos tres formatos.

De xeito adicional, hai tarefas que se poden explicar de forma verbal, pero que teñen unha dificultade importante na execución, polo que co fin de asegurar que se leven a cabo de forma correcta, débense acompañar dun adestramento demostrativo e participativo. No caso dunha sesión educativa sobre o uso dunha sonda esofáxica para alimentar xatos, esta débese sempre explicar verbalmente e ser complementada cunha demostración por parte do instrutor e unha práctica por parte do traballador.

Monitoreo: críticas e recoñecemento

O monitoreo do rendemento do traballador é recomendado para asegurar que os protocolos se están seguindo. O chamado *protocol drift* (deriva do protocolo) é normal para observar certas tarefas nunha granxa, especialmente traballos repetitivos, tales como no muxido. O monitoreo pódese facer con base na observación dos traballadores cando desempeñan unha tarefa ou, indirecta-

mente, mediante medidas de saúde animal e produción. A primeira estratexia require dunha cantidade importante de tempo de observación e, no caso de que estas observacións se realicen en persoa e non mediante o uso de cámaras, córrese o risco de que o desempeño non sexa óptimo durante o tempo que se monitorea debido á presenza do observador, polo que a avaliación perdería validez. Se se elixe monitorear os empregados usando medidas de saúde animal ou de produción, débese ter en conta que o resultado de melloras ou empeoramento destas é froito dunha combinación de factores e do traballo doutras persoas. O ideal é que o monitoreo se faga combinando observacións directas e medidas de saúde ou produción e, se se pon en práctica, recoméndase comunicarlles os resultados aos traballadores para que teñan coñecemento do seu labor e recoñecer as persoas que realizan unha boa tarefa. Á súa vez, débeseles comunicar que necesitan mellorar e como logralo.

► “DIMO E ESQUECEREINO, MÓSTRAMO E LEMBRAREINO, INVOLÚCRAME E APRENDEREINO” (PROVERBIO CHINÉS)



Demostración de inxección endovenosa a un xato, previo a unha práctica dos traballadores

O monitoreo dos traballadores pode axudar á diminución do *protocol drift* se vai acompañado de comentarios e críticas que lle fagan saber se está a facer o seu traballo correctamente ou, se non, como o pode mellorar. ►►

Foto: Paola Bacigalupo-Sanguesa



MASTIVAC

EL PODER ESTÁ EN TU MANO

La protección más efectiva
para el control de la mamitis

7 ANTÍGENOS
EN UNA DOSIS

EL MANEJO
MÁS SENCILLO

LA PROTECCIÓN
MÁS DURADERA

MASTIVAC suspensión inyectable para bovino. Vacuna inactivada polivalente frente a la mamitis.

Composición por dosis (5 ml): Antígenos inactivados de *S. agalactiae* cepa L01 ≥ 1 PR; *S. dysgalactiae* cepa ATCC 43078 ≥ 1 PR; *S. uberis* cepa L01 ≥ 1 PR; *S. pyogenes* cepa L01 ≥ 1 PR; *S. aureus* cepa L01 ≥ 1 PR; *A. pyogenes* cepa ATCC 9730 ≥ 1 PR; *E. coli* cepa Bov-10 ≥ 1 PR; *E. coli* cepa Bov-14 ≥ 1 PR; *E. coli* cepa Bov-15 ≥ 1 PR; *E. coli* cepa Suis-21 ≥ 1 PR; *E. coli* cepa J5 ATCC 43745 ≥ 1 PR. **Indicaciones y especies de destino:** Bovino (novillas y vacas). Para la inmunización activa frente a las mamitis clínicas y/o subclínicas producidas por *S. agalactiae*, *S. dysgalactiae*, *S. uberis*, *S. pyogenes*, *S. aureus*, *A. pyogenes* y *E. coli*. Reducción de los signos clínicos de las mamitis clínicas producidas por *S. dysgalactiae*, *S. pyogenes*, *A. pyogenes* y *E. coli*. Reducción del recuento de células somáticas en las mamitis subclínicas producidas por *S. agalactiae*, *S. uberis* y *S. aureus*. **Vía de administración:** Subcutánea. **Posología:** 5 ml. **Pauta de vacunación:** Primovacuna: Administrar 2 dosis separadas 15 días. Novillas: Administrar 2 meses antes del primer parto. Vacas: Administrar en cualquier momento independientemente del estado fisiológico del animal. Revacunación: cada 6 meses. **Contraindicaciones:** Ninguna. **Tiempo de espera:** Cero días. **Presentación:** 20 ml y 100 ml. Con prescripción veterinaria. **Titular:** CZ Veterinaria S.A. **Reg. N°:** 2990 ESP

En caso de duda consulte a su veterinario

vétia®

A COMPANY OF ZENDAL GROUP

VETIA ANIMAL HEALTH, S.A.U. C/ Teide, nº 4. 28703 San Sebastián de los Reyes - Madrid

✉ info@vetia.es
☎ (+34) 910 901 526
🌐 www.vetia.es

► O MONITOREO DOS TRABALLADORES PODE AXUDAR Á DIMINUCCIÓN DO *PROTOCOL DRIFT* SE VAI ACOMPAÑADO DE COMENTARIOS E CRÍTICAS QUE LLE FAGAN SABER SE ESTÁ A FACER O SEU TRABALLO CORRECTAMENTE

Non se deteña no adestramento básico

O adestramento básico respecto das tarefas específicas é o mínimo que se lles debe dar aos empregados no momento no que empezan a traballar na granxa e repetir, polo menos, anualmente, pero non é o límite. Na miña experiencia, durante os adestramentos, moitas veces os traballadores me fan preguntas sobre temas máis avanzados ou sobre outros non relacionados coas súas responsabilidades. Aínda que non todos teñen o mesmo interese en aprender máis e doutros contidos relacionados co gando leiteiro ou coas granxas leiteiras, o potencial dos que si desexan aprender débese aproveitar. Prover de oportunidades de formación que van máis aló de como executar unha tarefa e do porqué pode aumentar a satisfacción dos traballadores, o seu desempeño e así ofrecer un ascenso a algúns deles na organización da granxa para realizar outras funcións de maior complexidade e responsabilidade.

MENSAXE FINAL

A formación e o adestramento dos traballadores poden representar un gran valor para a granxa en varios aspectos. A saúde e o benestar dos animais e a produtividade da granxa deben estar nas mans de persoal que saiba levar a cabo as súas funcións de forma correcta e a granxa é a responsable de asegurarse que isto suceda.

Ganderías que actualmente non implementan un programa de aprendizaxe deberían consideralo e guiarse da axuda do seu veterinario e consultores para identificar as necesidades de formación e como abordalas. Da mesma maneira que investimos no noso desenvolvemento profesional para sermos mellores propietarios, veterinarios e consultores, as granxas deberían pensar en formar e adestrar a súa man de obra coma un investimento que pode representar altos retornos. ■

BIBLIOGRAFÍA

- Newton, P. M. & Salvi, A. (2020). How common is belief in the learning styles neuromyth, and does it matter? A pragmatic systematic review. *Frontiers in Education*, 5(602451), 1-14.
- Ivette N. Román-Muñiz, David C. Van Metre, Franklyn B. Garry. 2007. Dairy Worker Training Experiences. *The AABP proceedings*. Páginas 38-40.
- John R. Wenz. Is your Worker Training Effective? Ask the Cows and Reduce Protocol Drift. 2007. *The AABP proceedings*. Páginas 41-43.

Foto: Paola Bacigalupo-Sanguesa



Un traballador practica como administrar fluídos endovenosos tras recibir formación verbal e observar unha demostración do instrutor